

DOMINGO 23 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Sab 9, 13-19 (gr 13-18b)

Quen se decatará do que quere o Señor?

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA SABEDORÍA

Que home de feito poderá coñecer o plan de Deus
ou quen se decatará do que quere o Señor?

Abofé, os pensamentos dos mortais son covardes
e inseguros os nosos proxectos.

Porque o corpo corruptible pesa na alma
e a tenda terrestre oprime a mente cavilosa.

Se con dificultade imaxinamos o que hai sobre a terra
e con traballo atopamos o que está a man,
quen pescudará o que hai no ceo?.

Quen coñecerá o teu consello se ti non lle dás sabedoría
mandando o teu espírito santo desde o alto?.

Soamente deste xeito se endereitaron os vieiros dos terrestres,
aprenden os homes o que é do teu gusto
e son salvados pola Sabedoría.

SALMO RESPONSORIAL Sal 89 3-4. 5-6. 12-13. 14 e 17

R/ (1): O Señor foi o noso agarimo ao longo das xeracións

Ti podes volver en po os mortais,
con dicirlles:- "Fóra, homes".

Mil anos ante ti
son coma o onte que pasou
e coma unha vixilia da noite.

Ti falos pasar, e son coma sono mañanceiro,
coma herba que agroma:
de mañá florece e verdea
e á tarde ségana e seca.

Ensínanos a contar os nosos días,
para que aprendamos a ser asisados.
Volve, Señor. Por canto aínda?
Apiádate dos teus servos.

Dános axiña a fartura da túa misericordia,
para que a nosa vida teña felicidade e ledicia.
Que a bondade do Señor, noso Deus, sexa connosco
e que el asegure as accións das nosas mans.

SEGUNDA Film 9-17

Recíbeo non xa coma un servo, senón coma un benquerido irmán

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO A FILEMÓN

Benquerido irmán:

Sen máis título que ser eu Paulo, un vello que agora está preso por Cristo Xesús: pídoche por Onésimo, o meu fillo, que enxendrei estando na cadea. Velaí cho mando. Velaí che vai unha parte de min. ¡Recíbeo!

Pensei en me quedar con el, para que me axudase no teu lugar, mentres estou preso polo Evanxeo. Pero non quixen facer nada sen contar co teu consentimento, para que non fagas este ben á forza, senón porque che sae de dentro. Igual por iso marchou de onda ti algún tempo: a fin de que agora o recuperes para sempre, non xa coma escravo, senón coma algo máis ca escravo: coma un irmán benquerido. Para min é moi querido; ¡moito máis o vai ser para ti, coma home e coma cristián! Así que se me consideras un amigo, acólleo coma a min.

ALELUIA Sal 118, 135:

Fai brillar ante o teu servo a túa presenza e ensíname os teus mandatos

DOMINGO 23 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 14, 25-33

Quen non renuncia a todo canto posúe, non pode ser discípulo meu

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Nunha ocasión que seguía a Xesús moita xente, volveuse a eles e díxolles:

- Se alguén me quere seguir e non está disposto a romper con seu pai e con súa nai, coa muller e máis cos fillos, cos irmáns e coas irmás, e incluso coa súa propia vida, non pode ser discípulo meu. O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu.

Pois, quen de vós, querendo construír unha torre, non se para a pensar no presuposto, a ver se a pode rematar? Non vaia ser que bote os alicerces e non a dea rematado e a xente que o vexa faga riso del, dicindo: "Este empezou a construír e non deu rematado". Ou, que rei, que sae á guerra contra outro, non se senta primeiro a cavilar se lle chegarán dez mil homes para loitar contra vinte mil? E, se ve que non, cando aínda o ten lonxe, mándalle unha embaixada, pedindo condicións de paz.

Pois así, como non renunciades a todo o que tedes, non hai de vós quen poida ser discípulo meu.